

EXERCICIOS – TERMINACIÓN -ZO, -ZA

1. Agrupa e ordena as sílabas da mesma cor ata formar oito palabras. Clasificaas segundo rematen en –zo, –za ou en –cio, –cia.



Rematan en –zo, –za	
Rematan en –cio, –cia	

2. Completa estes textos coas palabras adecuadas da seguinte serie.

sentenza - prezos - terzos - espazos
grazas - xustiza - diferenzas - servizo

O informe elaborado por técnicos de Consumer o pasado mes de xuño serviu tamén para constatar o que xa é sabido: os que rexen nas áreas de son superiores aos que o usuario está afeito a pagar en establecementos semellantes (tendas, bares, restaurantes) fóra delas. Os datos indican que o menú do día nun restaurante destes para descanso do automobilista custa 9 euros de media, chegando ata os 11 euros de media na AP-7 que une Barcelona con Valencia.

A Sala do Social do Tribunal Superior de de Galicia desestimou o recurso de suplicación interposto polo Concello de Mos contra a ditada polo Xulgado do Social N.º 4 de Vigo, no que se declaraba «despido improcedente» o do traballador do Grupo Municipal de Intervención Rápida (GRUMIR).

Dos once millóns de euros recibidos no período 2000-2006 en concepto de Fondos de Cohesión, Cataluña e Madrid recibiron 7,2 millóns, ou o equivalente a dous Esta repartición, lonxe de reducir as internas entre os estados e favorecer a competitividade, agrandou as desigualdades. A inxección de cartos nesas dúas comunidades axudou a que creceran máis que a media europea, ao ser máis atractivas para a instalación de novas empresas. De feito, Madrid foi a terceira rexión en crecemento económico de Europa nos últimos sete anos. aos investimentos europeos, a comunidade madrileña deixou atrás a 34 rexións e situouse na posición 39 das 210 existentes antes da ampliación.